

CIRCULAR 05-2023.

XXXIV CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA ABSOLUTO MASCULINO E FEMINIO DE MARCHA EN RUTA

- *A todas as delegacións da FGA.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o Campionato Xunta de Galicia Absoluto Masculino e Feminino de Marcha en Ruta xunto co patrocinio do Concello de Ames, o día 5 de febreiro no circuíto da Travesía do Porto (Polígono do Milladoiro – Ames)

Art.2).- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas que teñan ficha pola F.G.A. na tempada 2023.

Art.3).- Valerán marcas feitas dende o 1 de xaneiro de 2022.


Art.4).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do luns 30 de xaneiro do 2023.O prazo para realizar as baixas será dende a publicación dos aceptados ata ás 10:00 horas do mércores 1 de febreiro. Calquera baixa non comunicada en prazo a: competicion@atletismo.gal levará unha multa de 3 euros.

Art.5).- Os tres primeiros atletas clasificados das categorías Sub10, Sub12, Sub14, Sub16, Sub18, Sub20, Sub23, Absoluta e as diferentes categorías Máster recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. No caso contrario, non se fará entrega da medalla

Art.6).- Os atletas deberán utilizar dous dorsais de forma totalmente visible entoda a súa superficie no peito e nas costas. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.7).- Todos/as os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas. Os/as atletas sairán á zona de saída coa roupa de competición posta.

Art.8).- Horario provisional. Una vez pechado o prazo de inscrición e publicadas as listas de admitidos concretarase o horario definitivo en función das categorías dos inscritos.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

| HORARIO PROVISIONAL CAMPIONATO DE MARCHA EN RUTA | | | | |
|---|--------------|------------------|-------------|-------------------------|
| HORA | PROBA | CATEGORÍA | SEXO | Nº PARTICIPANTES |
| 10:20 | 2 km | Sub 12 | H | 20 |
| 10:35 | 2 km | Sub 12 | M | 20 |
| 10:50 | 1 km | Sub 10 | H | 20 |
| 11:00 | 1 Km | Sub 10 | M | 20 |
| 11:10 | 3 km | Sub 14 | H | 20 |
| 11:35 | 3 km | Sub 14 | M | 20 |
| 12:00 | 5 km | Sub 16 | H-M | 30 |
| 12:35 | 10 Km | Abs | H-M | 30 |

Art.9).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 48 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA:
competicion@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo.
- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.10).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 7 de xaneiro de 2023

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo